

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009998	CEIP de Mosteiro-Bembrive	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Esta programación da área de Ciencias Sociais desenvólvese nun centro de educación infantil e primaria. Vai dirixida a 15 alumnos/as de 3º de EP

A área de Ciencias Sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global.

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques:

- Ciencia e tecnoloxía.
- O mundo e o desenvolvemento sustentable.
- Vivir en sociedade.
- Leccións do pasado.

A utilización de todos os recursos que conforman esta área contribuirá á adquisición das competencias. Deberá abordarse desde un enfoque metodolóxico práctico, de uso social e con carácter funcional.

A ubicación do centro na periferia da cidade permítenos empregar recursos naturais óptimos para o desenvolvemento de contidos e a proximidade ao núcleo urbano facilita o aproveitamento de medios para o traballo na área social.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Obxectivo: A Terra	Coñecemento do noso planeta, o Sistema solar e o universo. O alumnado fará unha aproximación ao planeta Terra a través da ferramenta Google Earth.	13	10	X		
2	O coñecemento do espazo	Estudo do globo terráqueo, mapas e planos. Traballo do eixe de coordenadas a través do programa Scratch.	13	10	X		
3	Descubrimos as paisaxes: Os climas	Os fenómenos atmosféricos. Interpretación de climogramas. Aproveitaremos esta aproximación ao estudo do clima coa posta en marcha dun proxecto consistente na construción e posta en funcionamento dunha estación metereolóxica simple. Por grupos instalarán o pluviómetro, termómetro... e continuarán o resto de curso académico anotando diariamente os datos aportados.	13	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Coidemos o noso planeta: Importancia da auga e o aire	Responsabilidade ecosocial, desenvolvemento sustentable (Axenda 2030) e o cambio climático.	12	8		X	
5	Vivimos xuntos	Respecto pola colectividade, empatía social, equidade e educación vial. Completaremos a UD coa visita ao parque de tráfico da cidade, para aplicar os coñecementos adquiridos, tanto desde o punto de vista dos peóns como dos condutores.	12	8		X	
6	A nosa CCAA: Galicia	Valor cultural e patrimonial de Galicia e as diferentes institucións. A organización do territorio. Neste sentido visitaremos a Deputación provincial.	12	8		X	
7	Cantos traballos diferentes!	Os sectores económicos da sociedade e os movementos poboacionais. Estudo dos sectores primaria, secundario e terciario a través dunha actividade subida a aula virtual do centro.	12	7			X
8	Moitas cousas fálannos do pasado	As formas de vida e manifestacións artísticas na Prehistoria e na Idade Antiga. Levarase a cabo unha visita ao castro de Viladonga, traballando previamente sobre hipóteses de como era a vida e para que servían as ferramentas do poboado.	13	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Obxectivo: A Terra	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	100
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.

UD	Título da UD	Duración
2	O coñecemento do espazo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	100
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas.

UD	Título da UD	Duración
3	Descubrimos as paisaxes: Os climas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	50
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información de diferentes fontes.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.

UD	Título da UD	Duración
4	Coidemos o noso planeta: Importancia da auga e o aire	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	15
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.	TI	85
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade. - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
5	Vivimos xuntos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.	TI	80
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade. - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
6	A nosa CCAA: Galicia	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.	PE	15
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	85
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Compromisos e normas para a vida en sociedade. - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
7	Cantos traballos diferentes!	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.	PE	25
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto	TI	75
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
8	Moitas cousas fálannos do pasado	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade antiga.	PE	25
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.	TI	75
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. - As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. - Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. - A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da

Contidos

- historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Realizaranse tarefas individuais, en grupo e proxectos. Todas as actividades estarán baseadas na: Experimentación, participación, motivación, persoalización, inclusión, significatividade e funcionalidade.

Nesta área son fundamentais as actividades Tic, sendo imprescindible a visualización de imaxes e o traballo de actividades multimedia.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas (parroquia - concello) ata chegar a outras máis complexas.

As actividades serán individuais, grupais e fomentarse o traballo cooperativo. Comezarán cun. "Que sabemos de...? e rematarán cun: " Agora, que máis queremos saber?"

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Ordenador de aula e encerado dixital
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Tablets (Sala informática).
Globo Terráqueo
Programa Scratch
Mapas e planisferios
Google Earth
Libreoffice writer // Word
Impress // powerpoint
Libreta ou caderno
Google drive (para traballo colaborativo)

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

Todos os recursos agrúpanse en materiais, tecnolóxicos e dixitais, ademáis dos persoais formado por todo o equipo docente e as familias e os espaciais: Aula, biblioteca, aula Steam, patio e exteriores.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial levarémola a cabo durante o mes de setembro.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información empregaremos actividades de repaso do curso anterior que nos permitan recoller datos sobre o grupo-clase e detectar problemáticas para a posterior posta en marcha de medidas de reforzo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	13	13	12	12	12	12	13	100
Proba escrita	0	0	50	15	20	15	25	25	19
Táboa de indicadores	100	100	50	85	80	85	75	75	81

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

Nestes criterios os procedementos empregados serán: a observación do traballo realizado, análise e valoración de tarefas específicas, participación e seguimento das actividades, recollida de datos das actividades realizadas, valoración cualitativa e cuantitativa do avance individual, autoevaluación do alumnado, corrección individual das tarefas e resolución de dúbidas que demande o alumnado ao ir realizándoas e revisión grupal das actividades propostas.

En 3º nivel introdúcense as probas escritas. Nesta área realizarase unha proba escrita ao rematar cada tema.

Os instrumentos empregados serán: táboas de indicadores, probas escritas e orais, rexistros de intervencións, diarios semanais, proxectos individuais e grupais.

As porcentaxes empregadas serán:

- Valoración de contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas en cada unidade: probas escritas e orais. 50%
- Realización do traballo en clase: realización axeitada de actividades propostas,, organización de materiais, presentación do caderno. 30%
- Realización de proxectos colaborativos: desempeño de roles, autonomía, respecto, colaboración, exposición axeitada do proxecto. 10%
- Valoración da actitude en clase: rexistro de participación e actitude. 10%

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando as seguintes porcentaxes.

30% corresponderá á 1ª avaliación, 30% á 2ª avaliación e 40% á 3ª avaliación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

A avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de reforzo ou atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Nos primeiros días farase unha avaliación inicial para coñecer as posibles necesidades de atención individualizada e profesional para o alumnado e solicitar dita axuda ou formular as posibles actividades que deban facer os titores e/ou profesorado que traballa co grupo.

Tomaranse medidas ordinarias para previr, compensar e facilitar a superación de dificultades leves, adecuando o currículo ordinario, co fin de que o alumnado alcance as capacidades establecidas nos obxectivos xerais de nivel. Estas medidas poderán ser: optimizar espazos, tempos, recursos, materiais, priorizando e seleccionando obxectivos e contidos mínimos e utilizando estratexias metodolóxicas que favorezan a participación e autonomía.

Poderá haber tamén medidas singulares onde se farán actividades de reforzo por parte do profesorado que imparte a asignatura, profesorado especialista, ou profesorado de P.T

Como medidas específicas, terasne en conta os programas de inmersión lingüística, alumnado con discapacidade física, psíquica, altas capacidades, programas de habilidades sociais, estimulación, resolución de conflitos... Será necesaria unha organización flexible para atender estas dificultades.

Levaranse a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc. facilita este proceso de atención á diversidade.

Estableceranse colaboracións con outras institucións.

Participarse en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Afianzamento do espírito emprendedor	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Educación para o consumo responsable				X			X	
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X	X	
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto polo estado de dereito.					X	X		

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Biblioteca "Juan Compañel", Cambón Cies, C.I. de Toralla, Lago Castiñeiras			
Charlas formativas	Programa de igualdade do Concello de Vigo			
Prácticas de relaxación	Despois do recreo momento de traballar a calma na aula: lectura colectiva			
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar: Día da paz, muller traballador, Día Mundial do medio ambiente			

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre obxectivos e contidos.
Actividades adecuadas.
Estilo de ensinanza.
Rol do docente.
Temporalización
Organización dos recursos materiais,
Medidas de atención á diversidade.
Motivación do alumnado.
Procedementos de avaliación.
Atención a diversidade.
Coordinación entre o equipo docente
Boa comunicación coas familias

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS . Utilizarase o diario de clase como rexistro de seguimento da actividade lectiva. Calquera modificación na programación quedará reflectida na memoria de final de curso, con propostas de mellora para o vindeiro curso.

Este seguimento, revisión e avaliación atenderá a:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Coordinación entre todo o equipo docente que imparte unha mesma materia.
- Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, facendo modificacións e propoñendo melloras para uns bos resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados